

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 28.09.2017 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de setembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas

- 1 567 (10/POC-000032)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego e as actuacións levadas a cabo e previstas diante do Goberno central en relación coa decisión de modificar os coeficientes redutores da idade de xubilación para as tripulacións dos buques que pescan en augas internacionais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11, do 10.11.2016

- 2 11806 (10/POC-002132)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre as causas da diminución do número de capturas de ameixa fina durante os últimos anos nas rías galegas e a posible incidencia dos seus niveis de contaminación na desaparición desa especie
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017

- 3 12014 (10/POC-002137)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre o cumprimento da normativa en relación coa composición dos GAC e a valoración do Goberno galego da composición que representa o GAC3 Costa da Morte
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 149, do 20.07.2017

- 4 12801 (10/POC-002176)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis
Sobre a valoración polo Goberno galego da evolución do sector da conserva durante o ano 2016
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

- 5 12840 (10/POC-002188)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre o contido e o beneficio do Proxecto Candieira para as mulleres do mar de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017

- 6 12909 (10/POC-002201)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 157, do 03.08.2017
- 7 14394 (10/POC-002665)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español un marco de excepcionalidade da frota de arrastre de grande altura, ao igual que a do cerco conxelador, co fin de facilitar a renovación das unidades operativas e poder contar coas melloras que ofrecen os rexistros especiais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 167, do 01.09.2017
- 8 14789 (10/POC-002723)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación cunha posible privatización da lonxa de Vigo, así como a súa opinión referida á xestión levada a cabo pola Autoridade Portuaria de Vigo ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 170, do 06.09.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

Marta Rodríguez Arias
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 567(10/POC-000032)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego e as actuacións levadas a cabo e previstas diante do Goberno central en relación coa decisión de modificar os coeficientes redutores da idade de xubilación para as tripulacións dos buques que pescan en augas internacionais

Publicación da iniciativa, 11, 10.11.2016



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Xosé Luís Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luís Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á decisión inxusta do Goberno español de minorar os coeficientes redutores da idade de xubilación.

O Real Decreto 1311/2007, de 5 outubro establecía novos criterios para determinar a pensión de xubilación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar, dun modelo instaurado nos anos 70 para a Mariña Mercante que se baseaba en aplicar un coeficiente redutor na idade de xubilación en función da zona que navegase o barco. Zonas que viñan reguladas a través dunha Ordenanza de Traballo da Mariña Mercante do 20 de maio de 1969.

Este vello modelo, completamente desfasado, tivo que ir modificándose para actualizar os coeficientes redutores aplicábeis á pesca, incluíndose novas actividades que estaban excluídas como o marisqueiro, os percebeiros, bateeiros, etc. Este criterio caduco foi substituído por un novo baseado no tipo de buque, sen chegar aínda ao fondo da cuestión: o dereito a reducir a idade mínima de xubilación naquelas actividades profesionais de natureza penosa, tóxica, perigosa e insalubre nas que se acusen elevados índices de morbilidade ou sinistralidade, así como aquelas que impliquen unha continua separación familiar e alonxamento do fogar.

Aínda así, con esta nova normativa até finais do 2015, a frota galega que faena en augas internacionais (cefalopodeiros, palangreiros, arrastreiros, etc) estaban considerados



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:56
Nº Rexistro: 567
Data envío: 02/11/2016 10:56:57.097

“conxeladores” polo que se lles aplicaba o coeficiente máximo de 0,40. Isto é, que con 25 anos enrolado un tripulante tería dereito a se xubilarse aos 55 anos.

O pasado ano, o Goberno español (Dirección da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento), a través dunha orde interna, modificou a aplicación destes coeficientes, de xeito que agora unicamente considera buques “conxeladores” aquelas embarcacións que teñan unha eslora de máis de 70 m e capacidade superior ás 1.000 TRB. O resto, dadas as súas menores dimensións, pasan a ser considerados buques “fresqueiros” sen ter en conta nin a actividade, nin a zona de pesca, nin as condicións de vida a bordo, aplicándose unha rebaixa no coeficiente de 0,40 ao 0,25-0,35, o que evidencia unha absoluta miopía por parte deste departamento de “secano”, pois a nosa frota faena no Índico, Pacífico, Atlántico Sul, Atlántico Norte e Ártico.

Esta medida afecta basicamente á Galiza, primeira potencia pesqueira do Estado, e cun tipo de frota que é, “curiosamente”, a que resulta penalizada. Con esta medida vense afectados os traballadores da frota palangreira, a frota cefalopodeira e o resto da frota arrastreira que non alcance as novas condicións establecidas por Madrid con independencia de que pesque nas Malvinas, en NAFO ou en calquera outro mar do mundo. Prexudícase así a milleiros de mariñeiros galegos que verían aumentada a súa vida laboral e sufrirían unha grave discriminación a respecto daqueles buques que cumpran as condicións de tamaño: atuneiros e algúns arrastreiros de fondo, que verán como desenvolvendo a mesma actividade, no mesmo caladoiro e en peores condicións de habitabilidade, verán diminuídos os seus dereitos de xubilación polo tamaño do barco. Esta decisión do Goberno español resulta inasumíbel e surrealista para os tempos que corren.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:56
Nº Rexistro: 567
Data envío: 02/11/2016 10:56:57.097

Comisión 8ª:

-Que opinión lle parece esta actuación de modificar os coeficientes redutores, mediante unha circular interna, sin información nin comunicación algunha ao sector afectado?

-Dado que a inmensa maioría dos mariñeiros afectados son galegos, tense dirixido o Goberno español á Xunta de Galiza para informarlle desta modificación?

-Ten realizado o Goberno galego algunha actuación diante da decisión do Goberno español de modificar os coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que faenan en augas internacionais?

-De ser positiva a resposta, en que data se produciu, e en que ten consistido?

-Vai facer algo para defender os dereitos dos mariñeiros galegos afectados por esta medida?

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Xosé Luís Rivas Cruz

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/11/2016 10:56
Nº Rexistro: 567

Data envío: 02/11/2016 10:56:57.097

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 10:52:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 10:53:04

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 10:53:08

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 10:53:10

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 10:53:16

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 10:53:20

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 11806(10/POC-002132)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as causas da diminución do número de capturas de ameixa fina durante os últimos anos nas rías galegas e a posible incidencia dos seus niveis de contaminación na desaparición desa especie

Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as causas da desaparición da ameixa fina dos bancos marisqueiros nas rías galegas

Moi poucas persoas poden negar que o sector marisqueiro galego é moi importante na nosa terra. Milleiros de familias galegas dependen do mar, e o futuro do mesmo pasa precisamente por vender produtos de gran calidade que compitan no mercado nacional e internacional polo seu valor engadido e non polo prezo. É necesario, polo tanto, que as administracións públicas desenvolvan políticas encamiñadas a protexer e impulsar os produtos máis exclusivos das nosas rías, como por exemplo a ameixa fina.

A ameixa fina é un produto 100% galego, recoñecido pola súa calidade entre os consumidores. Só debemos ver, por exemplo, o prezo que existe actualmente nas lonxas galegas entre a ameixa fina e a ameixa xapónica. Se a segunda págase aproximadamente entre 6/10€ kg, a fina multiplica ese prezo por tres, ata chegar aos 20/50€ kg. Falamos polo tanto de un produto de máxima calidade, pero un produto tamén que vén reducindo a súa produción nos últimos sete anos. Se no ano 2009 se recolleron nas rías galegas 826 mil kg de ameixa fina, no ano pasado esa cifra reduciuse ata os 379 mil kg, é dicir unha diminución do 54,11%, sendo esta, ademais, unha tendencia negativa na práctica totalidade das rías galegas.

As causas deste descenso aínda non están moi claras, nos inicios chegouse a afirmar que este tipo de ameixa, moito máis delicada por exemplo que a



xapónica, morría polo calor. Despois segundo varios biólogos era achacable ao estrés, porque despois de desovar a ameixa estrésase e morre.

Polo exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Cales son as causas da redución no número de capturas da ameixa fina durante os últimos anos?
2. Inflúen os niveis de contaminación das rías galegas na desaparición da ameixa fina?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2017 16:22:41

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/07/2017 16:22:49

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 12014(10/POC-002137)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre o cumprimento da normativa en relación coa composición dos GAC e a valoración do Goberno galego da composición que representa o GAC3 Costa da Morte

Publicación da iniciativa, 149, 20.07.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, deixa claro que no caso de xubilación, a situación é de inelixibilidade, xa que aquelas persoas que, sendo membros da confraría, pasen á situación de xubilación manterán a condición de membro honorario/a da confraría sen ter dereito a ser elector/a ou elixible.

No seu artigo 38, ademais, da Comisión xestora, no seu punto 2, indica, que “en ningún caso poderán formar parte desta comisión os membros dos órganos de goberno disoltos.”

Na normativa que rexe os grupos de acción pesqueira, indica que a asociación que aspire a obter o recoñecemento de GAC, deberá estar constituída por entidades representativas dos sectores pesqueiro, económico, social e público. E concretamente, no caso do sector pesqueiro integraranos as asociacións e entidades de interese colectivo pesqueiro, marisqueiro e acuícola con personalidade xurídica propia. Non permitindo en ningún caso a participación de persoas físicas ou xurídicas individuais con ánimo de lucro.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) Que medidas leva a cabo o Goberno galego para garantir o cumprimento da normativa existente, en relación coa composición dos GAC, de xeito que se garanta que os distintos sectores estean representados?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego da composición que representa o GAC 3, Costa da Morte?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2017 09:30
Nº Rexistro: 12014
Data envío: 10/07/2017 19:23:02.711

 Grupo Parlamentario

3ª) Cre o Goberno galego que a composición que representa o GAC 3, Costa da Morte, é representativa do sector pesqueiro?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 10 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 10/07/2017 19:22:10

Julio Torrado Quintela na data 10/07/2017 19:22:22

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 12801(10/POC-002176)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da evolución do sector da conserva durante o ano 2016

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017

Á Mesa do Parlamento

Carlos López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

O pasado mes de marzo ANFACO facía públicos os datos da industria da conserva para o ano 2016. Segundo os seus datos, parece que este sector continua na senda de resultados moi bos, tanto en volume de produción e facturación como no seu comportamento nas exportacións.

As latas dos nosos produtos cada vez son máis demandados e chegan a máis mercados pero sempre sen esquecer os nosos principais destinos que seguen a ser Italia, Francia e Portugal, seguido de Reino Unido e, cada vez cunha maior presenza en Estados Unidos ou no Xapón.

A industria do mar e alimentaria supón xa o 10% do Produto Interior Bruto de Galicia e Anfaco-Cecopesca tense convertido nun referente do clúster mar-alimentario galego, no que xa están integradas 230 empresas, achegando a conserva o 33% do total.

En resumo, este sector goza de boa saúde e os datos aportados por Anfaco fan que a industria de elaborados de produtos do mar constitúa un dos piares do comercio exterior para Galicia.

Por todo o anteriormente dito, os deputados asinantes, formulan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

-Que valoración fai o goberno de Galicia da evolución do sector da conserva durante o ano 2016?

Santiago de Compostela, 18 de Xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 18/07/2017 09:41:10



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 09:48
Nº Rexistro: 12801
Data envío: 18/07/2017 09:48:54.715**

Teresa Egerique Mosquera na data 18/07/2017 09:41:27

María Ángeles García Míguez na data 18/07/2017 09:41:45

Alberto Pazos Couñago na data 18/07/2017 09:41:54

María Soraya Salorio Porral na data 18/07/2017 09:42:08

Marta Rodríguez Arias na data 18/07/2017 09:42:19

Daniel Vega Pérez na data 18/07/2017 09:42:35

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 12840(10/POC-002188)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre o contido e o beneficio do Proxecto Candieira para as mulleres do mar de Galicia

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 12:50
Nº Rexistro: 12840
Data envío: 18/07/2017 12:50:03.667

Á Mesa do Parlamento

Marian García Míguez, Paula Prado del Río, Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Segundo palabras da Conselleira do mar no I Congreso de mulleres do sector pesqueiro “Amar o Mar” celebrado fai case un ano en Santiago de Compostela afirmaba: “Galicia pode presumir de que no mundo do mar contamos cun 24% de mulleres na Xunta Xeral da Federación Galega de Confrarías, cun 29% das afiliadas, 14 patroas maiores, 28 vicepresidentas e case 200 vogais entre cabidos e xuntas xerais. A isto súmase, subliñou, a súa presenza no mundo do marisqueo a pé e das agrupacións sectoriais de marisqueo, que foron e seguen a ser, maioritariamente femininas”.

As mulleres galegas teñen unha relación histórica co mar, ca súa presenza como cultivadoras, colleitadoras, coidadoras, transformadoras dos recursos, transmisoras de coñecementos, comercializadoras, empresarias...Mulleres que participan en tódolos procesos de produción e en tódolos ámbitos entorno a este mundo.

Baixo esta premisa é unha prioridade o traballo e o enfoque de políticas activas en feminino no mundo da pesca, sendo conscientes que un 36% das persoas que traballan neste sector son mulleres. Labor que débese impulsar a través do asociacionismo, a comunicación e o intercambio de iniciativas e mellores prácticas en calquera das distintas áreas dando visibilidade e reforzo a este desempeño.

Un deses proxectos que está a acontecer é o “Proxecto Candieira” como rede de apoio e promoción das mulleres do mar en Galicia.

1. En qué consiste “O Proxecto Candieira”?
2. Cal é o beneficio para as mulleres do mar de Galicia?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2017.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2017 12:50
Nº Rexistro: 12840
Data envío: 18/07/2017 12:50:03.667**

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles García Míguez na data 18/07/2017 12:47:13

Paula Prado Del Río na data 18/07/2017 12:47:22

Carlos Enrique López Crespo na data 18/07/2017 12:47:49

Teresa Egerique Mosquera na data 18/07/2017 12:48:08

Alberto Pazos Couñago na data 18/07/2017 12:48:27

Marta Rodríguez Arias na data 18/07/2017 12:48:38

María Soraya Salorio Porral na data 18/07/2017 12:48:57

Daniel Vega Pérez na data 18/07/2017 12:49:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 12909(10/POC-002201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre os datos presentados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custos económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia

Publicación da iniciativa, 157, 03.08.2017

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

O nove de xuño a Consellería do Mar, emitía unha consulta preliminar do mercado en relación cos custes económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia, indicaba que estudaría e analizaría a información recibida que se presentara, e podería utilizarse no proceso de planificación e desenvolvemento de procedementos de contratación que tivesen por obxecto os servizos obxecto da consulta.

Por iso a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1) Cantas empresas fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custes económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia?
- 2) Cales son os datos aportados polas empresas que fixeron achegas á Consellería do Mar en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custes económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia?
- 3) Que conclusións relativas ao proceso de planificación e desenvolvemento de procedementos, extrae o Goberno galego como consecuencia dos estudos e análises da información recibida en resposta á consulta preliminar do mercado en relación cos custes económicos en materia de servizos de medios aéreos para salvamento marítimo de Galicia?
- 4) Que razóns motivan o incremento do importe do novo concurso respecto á situación do contrato actual que vence o 31 de outubro?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/07/2017 13:58
Nº Rexistro: 12909
Data envío: 20/07/2017 13:58:53.418



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 14 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 20/07/2017 13:46:45

Julio Torrado Quintela na data 20/07/2017 13:46:56

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 14394(10/POC-002665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia para reclamar do Goberno español un marco de excepcionalidade da frota de arrastre de grande altura, ao igual que a do cerco conxelador, co fin de facilitar a renovación das unidades operativas e poder contar coas melloras que ofrecen os rexistros especiais

Publicación da iniciativa, 167, 01.09.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:44
Nº Rexistro: 14394
Data envío: 22/08/2017 10:44:27.242

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre as medidas impulsadas pola Xunta de Galiza para reclamar do Goberno español un marco de excepcionalidade da flota de arrastre de gran altura, ao igual que a do cerco conxelador, que facilite a renovación das unidades operativas e poder contar coas melloras que ofrecen os rexistros especiais.

Ven de publicarse o Real Decreto 790/2015, de 4 de setembro, polo que se modifica o Real Decreto 1549/2009, de 9 de outubro, sobre ordenación do sector pesqueiro e a adaptación ao Fondo Europeo de Pesca, referido a flota atuneira que opera en caladoiros de larga distancia, rexistrada no censo da flota pesqueira operativa como cerco conxelador.

Considerando as especiais características desta flota que a fan aconsellable acometer unha regulación específica para facilitar a construción de novas unidades pesqueira. E encima ven xustificada na evidencia da rendibilidade económica a longo prazo e a boa situación dos bancos pesqueiros alí onde faenan.

Estas medidas son complementarias a outras de abandeiramento, de rexistros especiais ou vinculación das súas construcións con estaleiros da UE. Medidas todas importantes para defender e por en valor un segmento importante da flota de gran altura



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:44
Nº Rexistro: 14394
Data envío: 22/08/2017 10:44:27.242

do Estado español e que xa quixeramos contar con este tipo de iniciativas por parte do Goberno galego e obter tanta receptividade e tantas melloras por parte de Madrid.

Estas son as razóns que nos levan a formular a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª:

“Que medidas impulsou a Xunta de Galiza para reclamar do Goberno español un marco de excepcionalidade da flota de arrastre de gran altura, ao igual que a do cerco conxelador, que facilite a renovación das unidades operativas e poder contar coas melloras que ofrecen os rexistros especiais?”

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/08/2017 10:44
Nº Rexistro: 14394

Data envío: 22/08/2017 10:44:27.242

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2017 10:41:49

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2017 10:41:54

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2017 10:41:58

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2017 10:41:59

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2017 10:42:01

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2017 10:42:02

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 28.09.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 14789(10/POC-002723)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación cunha posible privatización da lonxa de Vigo, así como a súa opinión referida á xestión levada a cabo pola Autoridade Portuaria de Vigo ao respecto

Publicación da iniciativa, 170, 06.09.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as declaracións de Enrique López Veiga para unha posible privatización da lonxa de Vigo.

A lonxa de Vigo representa un motor económico para toda a cidade olívica e, por extensión, para o resto de Galicia. O seu volume de negocio, que supera os 100 millóns de euros anuais, fai desta lonxa unha das máis importantes, non só a nivel español senón tamén europeo, xerando, ademais, uns altos índices de emprego directo e indirecto na economía da zona. Unha boa xestión da mesma, con políticas que melloren a cadea comercializadora dos seus produtos, é clave para o futuro e competitividade desta lonxa.

Recentemente, o Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Enrique López Veiga, plantexou a privatización da lonxa, algo que se atopou coas reticencias da maioría das asociacións do sector. O Presidente mostrouse partidario de que a Autoridade Portuaria non leve a actividade comercial da lonxa, afirmando, ademais, que o Porto necesita inversións para manter a súa actividade.

Esta proposta de Enrique López Veiga asentase no alto volume de perdas que deixou a xestión da lonxa no último exercicio. A permisible perda de competitividade da lonxa en relación a outras de Galicia (a cal fixo referencia López Veiga nunha entrevista radiofónica) non é, dende o punto de vista de En Marea, resultado do carácter público da lonxa, senón resultado da nefasta xestión que leva a cabo López Veiga no Porto de Vigo. Querer circunscribir a un conflito público-privado esta xestión, responde máis ao tipo de política, que os membros



do Partido Popular tratan de desenvolver en Galicia e no resto do Estado, que a unha necesidade real, onde intencionadamente non se xestiona ben o que é de todos para dicir que non funciona e, posteriormente, ser privatizado.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que valoracións fai a Xunta de Galicia sobre unha posible privatización da lonxa de Vigo?
- Tendo en conta os resultados negativos do último exercicio na xestión de dita lonxa, considera a Xunta de Galicia que Enrique López Veiga está facendo unha boa xestión na Autoridade Portuaria de Vigo?
- As designacións a comezos deste ano de Alfonso Rueda, Ignacio López-Chávez e Mercedes Rodríguez son un intento de politizar e controlar de forma partidista o Consello da Autoridade Portuaria de Vigo?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2017.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/08/2017 11:11:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2017 11:15
Nº Rexistro: 14789
Data envío: 30/08/2017 11:15:18.676

Juan José Merlo Lorenzo na data 30/08/2017 11:11:18